

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 12 DE MAIO DE 2008

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**1850/07.- Construcciones Dianesa, S.L.-** Legalización das modificacións executadas na edificación sita na Rúa da Raxeira núm.46-48.-

**1337/07.- Xunta (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar).-** Reforma escola infantil de Vite.-

**1624/07.- Comunidade de Propietarios R/ Celso Emilio Ferreiro núm.4.-** Reforma de Fachada en R/ Celso Emilio Ferreiro núm.4.-

**123/08.- Fco. Javier Sayáns Montes e Outra.-** Viv. unifamiliar en Outeiro do Castiñeiriño.-

**35/08.- Juan José Nogueiras Martínez e Dna. Otilia Pérez Peaguda.-** Derruba edificación existente no Lugar de Sixto núm.85, Marrozos.-

**34/08.- Juan José Nogueiras Martínez e Dna. Otilia Pérez Peaguda.-** Vivenda unifamiliar, previa derruba (**Expte 35/08**), no Lugar de Sixto núm.85, Marrozos (parcela 161 de concentración de Eixo, Marrozos).-

**673/08.- Gonzalo Calzadilla Bouzón.-** Viv. unifamiliar en Rúa das Tornas núm.13, Devesa, Aríns.-

#### PRÓRROGA.-

**2291/01.- Manuel Vieites Fraga.-** Edificio (2 viv.), previa derruba da existente, na Rúa da Angustia núm.40.-

#### AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA EN SOLO RÚSTICO, PREVIA Á CONCESIÓN DE LICENZA.-

**Lap/ 206/04.- Retevisión –Abertis, S.A.-** Legalización de centro emisor de televisión ou radio no Monte Pedroso.-

#### DEVOLUCIÓN FIANZAS.-

**390/07.- Luís Ogando Hermida.-** .....Expte...39/05.....10.000 €.-

#### APERTURAS.-

**Lap/428/06.- Vodafone, S.A.-** Estación Base de telefonía móbil en Rúa do Restollal núm.50.-

### OCIHR

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**LIC/563/2008. CONSORCIO DE SANTIAGO.-** Restauración e mellora da eficacia das farolas "tradicionais" existentes nos paseos principias do parque, substitución das farolas existentes no Paseo dos Leóns, o traslado das dúas farolas con base de pedra labrada dende a zona próxima do xardín ata outra localización da zona, Colocación de dous mástiles de soporte para bandeirolas informativas, eliminación de dous tramos do circuíto peonil existente, que comunican os espazos cadrado e circular existentes ca beirarrúa, a través de sendas escaleiras de pedra, instalación dun banco perimetral curvo no espazo circular existente na zona de acceso dende Porta Faxeira, Instalación e mellora das barandas de seguridade laterais e da iluminación na escaleira de acceso dende o calexón existente ó final da Avda. das Casas de Compostela, Reparacións na zona da escaleira de baixada ó Campus Universitario dente o paseo lateral que comunica o edificio da gardería ca repisa inferior do parque xunto ó Campus, restauración dunha das columnas da pérgola

mirador sobre o Campus e a instalación dunha malla metálica para permitir o crecemento vexetal cenital na zona, así como a instalación de dúas luminarias colgadas.-Na Alameda.-

**5.- Propostas da Concelleira Delegada de Benestar Social relativas a axudas de carácter social.**

Apróbanse axudas por valor de 5.482,69 euros.

**6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

Apróbanse inicialmente axudas para unha vivenda situada na rúa das Orfas, por importe de 7.141 euros, e para un local comercial situado na praza de Abastos, por 6.010 euros. Tamén se aproban definitivamente axudas para tres vivendas situadas, respectivamente, na rúa do Franco (5.348 euros), na avenida de Figueroa (5.078 euros) e na rúa Cardeal Payá (29.719 euros).

**7.- Deixar Deserto o procedemento negociado para a contratación de Asistencia técnica para a división en fases do Proxecto de Saneamento da Conca do Río Aríns e redacción do anteproxecto da 2ª fase dos colectores secundarios.**

Acórdase deixar deserta a licitación, por entender que os obxectivos perseguidos por este contrato se acadan máis satisfactoriamente para este Concello a través da redacción dun proxecto construtivo definitivo, desaparecendo, por tanto, a necesidade de contratar independentemente estes traballos.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Comercio relativa á aprobación do programa de acceso á comunicación destinado ao sector comercial de Santiago e do convenio marco de colaboración vinculado ao programa.**

Apróbase o convenio marco de colaboración a asinar entre o Concello e as entidades colaboradoras interesadas relativo ao devandito programa, así coma o inicio do mesmo.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación da liquidación do programa "Xornadas sobre innovación destinadas ao sector comercial".**

Apróbase a liquidación do devandito programa, por importe de 660,70 euros.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao nomeamento dunha funcionaria interina.**

Acórdase o nomeamento dunha funcionaria interina na Oficina da Cidade Histórica e de Rehabilitación.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á autorización para a realización de horas extraordinarias.**

Autorízase a realización de horas extraordinarias na Área de Urbanismo.

**12.- Corrección de erro no punto número 3 da sesión de data 5 de setembro de 2005 relativo á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do casco histórico.**

Procédese á corrección do erro.

**13.- Revisión de prezos do servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da UMAD.**

Acórdase a revisión do prezo de adjudicación conforme ás variacións do IPC, entendido dende o mes seguinte a aquel no que a empresa adjudicataria, Protección de Patrimonios S.A., solicitou a prórroga, é dicir, dende abril de 2008.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa ao apoio ao manifesto "Polo dereito a vivirmos en galego".**

Apróbase unha declaración de apoio ao manifesto e a súa remisión á Mesa pola Normalización Lingüística.

**15 a 36.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativas a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre actividades económicas e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**37.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á concesión de exencións nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense as exencións solicitadas.

**38.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa a aprobación do Programa de educación viaria e na autoprotección en centros escolares "Onde está o perigo".**

Apróbase un orzamento de 2.312 euros para o desenvolvemento deste programa.

**39.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do orzamento da 7ª Edición do programa didáctico "Coñecer as Cidades Patrimonio".**

Apróbase un orzamento de 636,65 euros para as actividades a desenvolver durante a súa estanza en Santiago polo grupo de Ávila que resultou gañador da sétima edición do programa, os días 12, 13 e 14 de maio.

**40.- Dar conta do baremo de selección para a participación de alumnos no proxecto "Compostela Inserta" da Concellería de Promoción Económica.**

Dáse conta do devandito baremo, que recolle os criterios xerais e específicos de participación.

**41.- Dar conta do escrito da FEGAMP relativo á compensación de cantidades pendentes do Fondo de Cooperación Local correspondentes ao ano 2005.**

Dáse conta da percepción polo devandito concepto da contía total estimada de 38.649,37 euros, correspondendo 15.459,73 euros ao ano 2008 e 23.189,64 euros ao ano 2009.

## URXENCIAS

1- Acórdase solicitar ao BANTEGAL a cesión en propiedade a favor do Concello de Santiago da parcela número 444, para a ubicación da depuradora de augas residuais. A parcela está situada en Nemenzo-Marantes e ten unha superficie de 5.840 metros cadrados.